

# HABITAR A ETERNIDADE

Ramón Loureiro

Xornalista e escritor

doi:10.17075/mucnoc.2014.062





A min paréceme, e queredría facelo constar así xa de entrada, que da relación de Cunqueiro co mito pode afirmarse en voz ben alta o que Juan Benet, aínda que con palabras ben mellores que as miñas, dixo de Cervantes. É dicir, que na súa obra nace un mito novo, que nada lles debe aos mitos que o precederon.

E isto pode ser un falar como outro calquera, claro. Pero eu estou convencido, por exemplo, de que o Merlín de don Álvaro apenas ten parentesco ningún cos outros nigromantes do mundo, aínda que coincida no nome con varios deles.

(Non só por lucir, o que hoxe nos ocupa, unha bufanda colorada nos enterros, cousa que me parece importante e significativa en extremo, senón porque xa é dono e señor dunha das maiores ciencias que pode posuír un sabio: a que ensina que as maxias que verdadeiramente importan son as maxias pequenas).

Hai unha herdanza céltica grande en Cunqueiro, por suposto. E tanto que a hai, ou cando menos a min así mo parece. Pero, na miña opinión particular, iso non ten nada que ver, ou ten que ver máis ben pouco, cos celtas prehistóricos, que entre nós deberon de ser escasísimos, sobre todo pola parte que lle toca a esta terza Bretaña que é a Galicia do norte.

Os celtas máis presentes no imaxinario de Cunqueiro, creo eu, son os que entre os séculos v e vi, con bispos coma Mailloc á fronte deles, viñeron dar aquí, a este Vello Reino, a bordo dos seus barcos, que a saber como serían. E despois de desembarcar (así imos supoñelo nós tamén) no mar de Ferrol, quizais non moi lonxe da desembocadura do río Beelle, foron camiñando cara ao que o hoxe son San Martiño e Mondoñedo. Eses celtas cristiáns, que viñan fuxindo das persecucións saxoas, e que eran irmáns dos que, tras cruzaren o mar tamén cara ao continente, decidiron quedar na antiga Armórica, hoxe chamada a Bretaña de Francia, trouxeron consigo a mensaxe de que nos ollos dos vencidos está o rostro de Deus. Unha mensaxe, esa, que Cunqueiro, fundamente cristián, levou sempre gardada no corazón. E ademais ben dentro.

Lembrarán vostedes, sen dúbida, que o autor de *Merlín e familia*, fillo leal deste pobo noso que el mesmo sinalou como de «grandes creedores», dicía que non hai forza máis grande que a do home que reza.

Acórdaseme moito, hoxe, perdoen que nos saian pólas, a néboa do misterio cubrindo os tellados de Mondoñedo; e por suposto que se me acorda, tamén, Carmiña Cunqueiro. E acórdaseme igualmente, como non se me vai acordar, aquela casa, situada fronte á catedral mindoniense —a casa dela—, na que don Álvaro escribiu os seus mellores libros, nun tempo extremadamente difícil no que se sentiu abandonado por case todos.

(E lémbrome moito, si, do que Carlos Casares contaba do autor d' *As crónicas do Sochantre*, ao que consideraba «un home tráxico», ao tempo que falaba del e da súa obra cun cariño inmenso).

Se me permiten a confianza, a min hoxe, estando aquí (e mentres, collendo prestadas unhas palabras súas, doulle grazas ao ceo por «vivir neste tempo» e por «ser amigo voso»), dáme por pensar, a esta hora, que quizais precisamente esta noite, nun cabalo rubio coas crinas trezadas, a sombra de don Álvaro atravesese o mundo seguindo os pasos daqueles celtas cristiáns do bispo Mailoc (daqueles vellos bretóns, vaia; outros dirán britanos, pero a min iso xa non me gusta tanto). Imaxínoo atravesando a fraga do río Beelle, ao pé do monte Marraxón, e indo, despois de deixar Sillobre atrás e de pasar polas Pontes de García Rodríguez cara á Terra Chá dos Poetas, para renderlle tributo á memoria, entre outros, de Crecente Vega. E imaxínoo, como é natural, baixando, despois, por Abadín, cara ao seu Mondoñedo, quizais acompañado por Noriega Varela. E non me cabe dúbida ningunha de que, cando don Álvaro chegue á Cidade da Mitra, alí estará agardando por el o señor deán da catedral, co que irá mirar a colección de biblias do Real Seminario de Santa Catalina. Soará a campá do convento das Concepcionistas, mentres o novo día se achega. E é moi fácil que don Merlín comente que hai libros que habitan a eternidade porque non naceron para pasar o tempo, que xa de por si corre máis da conta, senón para predicar nun eterno presente.

(Pode que así sexa, que todo aconteza dese xeito; e pode que non, tampouco o nego. Pero a min gústame pensar que será, precisamente, desa maneira).